


a Chave da nosa liberdade



O nacionalismo galego é un movemento político con máis de 90 anos de historia, nos que, atravesando diferentes fases e moitas dificultades, foi capaz de manter vivo un discurso nucleado arredor dunha reivindicación fundamental: Galiza é unha nación, e polo tanto ten dereito á autodeterminación.

Hoxe, esa reivindicación é máis necesaria ca nunca, pois estes 30 anos de suposta “democracia constitucional” non solucionaron boa parte dos problemas que afectan ao noso país, que segue sen ter dereito a gobernarse a si mesmo, a dispor plenamente dos seus recursos económicos e a desenvolver a súa lingua e a súa cultura con normalidade.

A Constitución Española non é democrática

En 1978, baixo a ameaza do retorno ao fascismo, entrou en vigor a Constitución Española, coa oposición da maioría dos movementos nacionalistas, nomeadamente o galego.

Este texto non pode considerarse democrático por varias razóns: a máis evidente é a forma de Estado, a monarquía, que concede a xefatura de Estado a unha persoa non eleita por ninguén, que ademais desfruta de grandes privilexios legais e económicos. Ademais diso, e no que nos afecta máis directamente ás nacións sen Estado, non se recoñece o noso dereito a decidir libremente como relacionarnos cos demais pobos de Europa e do mundo. A nosa soberanía ficasubordinada a España, quen terá sempre a última palabra sobre o noso nivel de autogoberno e competencias. A nosa dependencia xestiónase a través dos Estatutos de Autonomía, que sempre deberán pasar o filtro das Cortes e dos tribunais españois.

A alternativa do nacionalismo

Na denominada “transición”, o nacionalismo defendeu unha alternativa de ruptura democrática e non de reforma, o que no terreo nacional levouno a rexeitar a Constitución post-franquista e o modelo de Estatutos Autonómicos. Ademais, elaborou e difundiu masivamente unha proposta propia de marco xurídico-político para o noso país: as “Bases Constitucionais para a participación da Nación Galega nun Pacto Federal”.

A importancia das Bases Constitucionais radica non xa no modelo de relación cos demais pobos do Estado (naquel momento, de carácter federal), senón en recoñecer a plena

soberanía do pobo galego e en consecuencia o dereito de autodeterminación: seríamos nós, en cada momento, quen decidísemos o xeito de nos relacionar cos demais pobos da península, de Europa e do mundo.

Hoxe, España segue a negarnos como nación

España, logo de cincocentos anos, non deu un só sinal de ter vontade de recoñecernos o noso carácter nacional e os dereitos que diso se derivan. Hoxe, España rexeita até os mais modestos intentos de avance na solución dos conflitos nacionais. Nin as diferentes propostas de solución aportadas desde Euskal Herria e nin sequera as pequenas reformas dentro do propio marco estatutario, como en Catalunya, teñen capacidade de prosperar se poñen minimamente en cuestión o proxecto nacional imperialista do Estado Español.

A estas alturas, pois, está claro que, como todos os dereitos, a Autodeterminación non vai ser un regalo concedido por ninguén, senón unha conquista do pobo galego, concienciado, autoorganizado e mobilizado en favor desa demanda histórica.

Unha solución democrática

A autodeterminación non é máis (nin menos) que o dereito que asiste a calquer nación do mundo a decidir con liberdade o seu propio futuro. É un dereito inalienábel, recollido en diversos tratados internacionais (mesmo moitos deles asinados por España, contraditoriamente) e cuxo recoñecemento desbloquea o “problema nacional” e permite dar unha saída democrática ás aspiracións dos pobos.

Somos moitos os galegos e galegas que non nos identificamos co proxecto nacional español e defendemos portanto a necesidade de dispormos dun Estado propio. Esta opción, tan lexítima ou máis que calquera outra, non ten hoxe posibilidades legais de efectivizarse, pois a Constitución e as súas normas derivadas, os Estatutos, non contemplan máis soberanía que a do “pueblo español”. O recoñecemento do dereito de autodeterminación permitiría que todas as propostas hoxe vetadas fosen realizábeis: a independencia, a federación, a confederación... O único límite sería a vontade democrática e soberana do pobo galego.

Para decidir sobre o noso futuro, para termos a chave da liberdade: **Autodeterminación. É o noso dereito!**

autodeterminación é o noso dereito!

